



Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro  
Supervisión lingüística: Alba Cid e Eduardo Louredo  
ISBN: 978-84-09-01813-0  
Depósito Legal: C 916-2018  
Impreso en Galicia



**Entra na nosa web e faite do club!**

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.  
[www.osbolechas.gal](http://www.osbolechas.gal)



Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso teléfono **902 18 20 10**



En Galicia falamos o galego de xeitos distintos. Nuns sitios dicimos **gatiñas**, noutrós **ghatiñas** e noutrós **gatías**, por exemplo. E así moitas outras palabras. Este libro empeza co xeito de falarmos no **bloque central** de Galicia, continúa co do **bloque occidental** e remata co do **bloque oriental**. Pero dentro de cada bloque hai sitios onde se fala dun xeito distinto ao resto, porque se mesturan as falas dun lado e doutro.




**GATIÑAS E GATIÑOS**

A Pili e mais a Loli vanse disfrazar para iren huxe a un baile de disfraces. Queren ir de gatiñas.

—Eu vou de gatiña marrón —di a Pili.

—Pois eu vou de gatiña laranxa —di a irmá.

Si, hai gatas marrós e gatas laranxa. E de moitas outras cores.




Pili



e Loli



disfrázanse



Xa están prontas. Con pantalós vellos e camisetas parecen gatas de verdade! Mesmo puxeron rabo! E un bo bigote!


—Tu pintácheslle raias ao traxe —dille a Pili á irmá, mentres pinta un bigote de catro pelos a cada lado, sen tremelarlle a mao.

—É que son unha gata atigrada.

Si, hai gatas atigradas que parecen tigresas. Son como tigresas pequenas.




Pili



e Loli



disfrázanse



de gata




Ondiá! Ao Chispa seica non lle gustan os disfraces. Pensará que son gatas de verdade. Os cas e as gatas lévanse mal.


—Atinde, Chispa, ho! Non ves que somos nós? —bérralle a Pili.



Mais il non para de rosmar. Aínda as vai trabar.

—Chispa! Tu non ves que é un disfraz, papón? —bérralle a Pili outra vez.




=





A Pili e a Loli foxen correndo ao baile de disfraces, para que non as trabe o Chispa. Van ser as primeiras en chegar.  
—Vaite de eiquí, Chispa! Iste non é un baile para cas —berra a Loli.

# os bolechos



## GHATIÑAS E GHATIÑOS

O Braulio e mais a Sonia vanse  
disfrasar para iren hose a un baile de  
disfrases. Queren ir de ghatiño e mais  
de ghatiña.

—Eu vou de ghato neghro. Os  
ghatos neghros dan mala sorte, gha,  
gha —di o Braulio.

—Pois eu vou de ghatiña rosa —di a  
irmán.

Ghatos neghros hai muitos e doutras  
cores, mais rosas nunca se viron!



Braulio



e Sonia



disfrásanse



Xa están prontos. Con pantalóns  
vellos e camisetas paresen unha ghata  
e un ghato de verdade! Mesmo  
puxeron rabo! E un bo bighote!

—Non me sae o bighote, Braulio.  
Pareso unha vaca suísa —dille a Sonia  
ao irmán.

—E eu fixen un rabo moi longho.  
Parese de mono, gha, gha —di o  
Braulio.




Braulio



e Sonia



disfrásanse



de ghato



Ondiá! Ao Chispa seica non lle  
ghustan os disfrases. Pensará que son  
un ghato e unha ghata de verdade.  
Os cans e as ghatas lévanse mal.

Braulio e Sonia fican mudos. Nunca  
viron Chispa tan enfadado. Aínda os  
vai trabar.


-Ghrrrrr... ghrrrrr... ghrrrrr...!




Chispa



pensa:




Braulio




e Sonia


=



son

ghatos





Braulio

e Sonia


van

bailar



O Braulio e a Sonia foxen correndo ao baile de disfrases, para que non os trabe o Chispa. Van ser os primeiros en chegar.  
—Vaite de aquí, Chispa! Este non é un baile para cans —berra o Braulio.

# os bolechos



## GATÍAS E GATÍOS


O Carlos e mais o Tatá vanse  
disfrazar hoxe para iren a un baile de  
disfraces. Van ir de gatíos.

—Tatá xa parece un gatín. Anda a  
gatas igual ca eles. Só lle falta o rabo  
e o bigote —di o Carlos.

Si, verdadeiramente o Tatá anda  
igual que os gatos.




Carlos



e Tatá




disfrázanse



Xa están prontos. Con pantalois vellos e camisetas parecen gatos de verdade! Mesmo puxeron rabo! E un bon bigote!

—Olla, Tatá, eu son un gato de angora, deses que tein muto pelo. Tu nunca os viches porque hai poucos por eiquí —di o Carlos, mentres pinta cuatro pelos do bigote.

Si, parece un gato de angora. Debeu coller un disfraz vello de ovella.




Carlos



e Tatá



disfrázanse



de gato



Ondiá! Ao Chispa seica non lle gustan os disfraces. Pensará que son gatos de verdade. Os cais e os gatos lévanse mal.

—Chis, chis, chis... Cala, Chispa, non rosmes e atende. Tu non ves que somos nosoutros, paparón? —bérralle o Carlos.

Mais el non para de rosmar. Aínda os vai trabar.





=



son

gatos






O Carlos foxe correndo co Tatá no colo ao baile de disfraces, para que non os trabe o Chispa. Van ser os primeiros en chegar. –Vaite de acó, Chispa! Este non é un baile para cais –berra o Carlos.

## Palabras deste libro que dicimos de xeitos distintos

atinde atende	il el	muitos moitos mutos
bigote bighote	iste este	negro neghro
bo bon	gatiño ghatiño gatín	nós nosoutros
cas cans cais	gatiñas ghatiñas gatías	pantalóns pantalós pantalois
catro cuatro	ghustan gustan	parece parese
chegar chegar	irmá irmán (muller)	parecen paresen
disfraces disfrases	irmán irmao (home)	parezo pareso
disfrazar disfrasar	longo longho	suíza suísa
eiquí aquí acó	mao man	teñen tein
huxe hose hoxe	marrós marróns	tu ti



# GATIÑOS, GHTIÑAS, GATÍOS

XEITOS DE FALAR MOS O GALEGO

En Galicia falamos o galego de xeitos distintos. Nuns sitios dicimos gatiñas, noutros ghatiñas e noutros gafías.